




Construcións e melloras

Inicio

Educación licita por 400.000 € a rehabilitación integral do CEIP Pena de Francia, en Mos



Mar, 26/12/2017 - 13:41

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de licitar as obras de rehabilitación integral do CEIP Pena de Francia, en Mos (Pontevedra), por un importe de preto de 400.400 euros cofinanciados con fondos FEDER, e tres meses de execución, tal como publica hoxe o DOG, no enlace https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171226/AnuncioG0164-191217-0007_gl.html

Os traballos supoñen unha reforma integral (enerxética e funcional) des de centro, que precisa dunha actuación para dotar de maior confortabilidade aos usuarios e acadar un aforro nos custos de mantemento.

A actuación afectará ás fachadas, carpinterías, luminarias e outros elementos das instalacións. Deste xeito acometerase o illamento da fachada exterior, a substitución de ventás das aulas e da fachada exterior da biblioteca por outras de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre e a substitución de luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética. Todas estas medidas combinadas suporán un aforro enerxético anual en torno ao 23,5 por cento. Así mesmo, tamén se substituirán os falsos teitos existentes por paneis con propiedades acústicas, e se procederá á reparación e pintado de paramentos interiores.

Esta rehabilitación integral do CEIP Pena de Francia enmárcase dentro do plan de mellora da eficiencia enerxética que se puxo en marcha en 2016 en toda Galicia, e que no vindeiro ano 2018 suporá un investimento de preto de 4,5 millóns de euros en obras de mellora enerxética en 9 centros educativos, incluído o que hoxe se licita.

Como novidade para as obras que se van desenvolver a partir de agora, ao abeiro do Plan de Rehabilitación Integral dos centros para 2018, a Consellería -en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)- convida a arquitectos novos a participar nestes proxectos.

No marco do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas, posto en marcha en 2016 e que conta cun orzamento global de 118,5 millóns de € ata 2020, a Consellería vai desenvolver en 2018 obras de Rehabilitación Integral (enerxética e funcional) en 9 centros de ensino; en concreto no CPI do Feal (Narón), no CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz (Touro), no CEIP Veleiro-Docampo (Castro de Rei), no CEP Luís Tobío (Viveiro), no CEIP Plurilingüe de Ribadavia, no CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia), no CPI Afonso VII (Caldas de Reis), no CPI Santa Lucía (Mbraña) e no CEIP Pena de Francia (Mos).

Aposta polo medio ambiente

Con estas actuacións a Consellería dá cumprimento á Estratexia Europa 2020 e á Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público galego para o período 2015-2020, na que a Xunta de Galicia é pioneira entre o conxunto de administracións públicas. Non en balde, no 2016 e 2017 executáronse e actuacións de eficiencia en 18 centros, que consistiron basicamente en accións de mellora do illamento térmico, substitución de ventás e colocación de luminarias de alta eficiencia enerxética, por un importe de 8,25 millóns de euros.

Co investimento en actuacións de eficiencia enerxética e mellora funcional nos centros búscase un aforro enerxético - e un menor custo derivado do consumo de luz e calefacción-, á par que se xeran novas oportunidades de emprego, a través da participación no deseño dos proxectos de arquitectos novos. Ademais, contribúe a un modelo de desenvolvemento sostible e á concienciación e sensibilización dos máis pequenos na importancia do coidado do medio ambiente.